

Retranca, humor, parodia e caricatura en relatos que se devoran: «Tempos de bebidas isotónicas e fast-food», de Álex Alonso. En Trafegando ronseis

O blog Trafegando ronseis publicou unha anotación sobre o libro de relatos *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*, de Álex Alonso, XVII Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole.



Tempos de bebidas isotónicas e fast-food

Como en case todos os libros de relatos, hai algúns que están moi ben e outros que non o están tanto, uns que encantan e outros que pasan sen pena nin gloria. Pero hai que recoñecer que *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* de **Álex Alonso**, publicado por Xerais, comeza cun primeiro relato tan actual e divertido que xa gañou o lectorado pola man. Logo, dos outros 29, xa digo, hai algúns que tamén me gustaron moito, aínda que en xeral non hai ningún que se poida afirmar que sexa malo. Os relatos son todos moi actuais, ás veces mesmo proveñen dunha realidade tan cotiá como a de servirse de novas extraídas dos xornais; case todos pintan cadros ou relatan pinceladas deste realidade social na que vivimos e que tantas veces procuramos non ver porque nos arrepía. Así, leremos un relato do perigo de coñecer a alguén por internet que resulta non ser quen se cría, temos un relato de bullying, outro de preferentes ..., poderíamos enumerar ben casos sociais presentes ao noso arredor. Como o conflito lingüístico ou o paro. E por riba deles voa a literatura que se serve da retranca, do humor, da parodia ou mesmo da caricatura para nos ofrecer un libro de pequenos relatos que devoraredes en ben pouco tempo. Premio Ánxel Fole de narrativa curta.